

O Pavillón Cirúrxico é o único dos tres primeiros pavillóns construídos no Sanatorio Marítimo de Oza que aínda se conserva. Foi inaugurado en 1913 e o seu obxectivo principal era ofrecer aos rapaces pobres menores de quince anos enfermos de tuberculose dos ganglios, ósos e articulacións, ademais da talasoterapia e hidroterapia, un axeitado tratamento ortopédico, medicamentoso e de cirurxía segundo as indicacións da lesión e a súa idoneidade. Xa nos seus comezos os escasos orzamentos constituíron un obstáculo para a construción do pavillón, realizado seguindo o proxecto dos arquitectos Antonio Alcaide de la Fuente (director das obras) e Julio M. Zapata (arquitecto proxectista), quen integrou distintos elementos ornamentais no deseño do pavillón enmarcándoos na arquitectura ecléctica dominante a principios do século XX.

Para a súa localización elixíronse os terreos lindeiros co fortín de Oza na súa parte máis elevada, orientando a fachada posterior cara ao mar, e tendo en conta os ventos reinantes e a incidencia solar, factores hixiénicos que na loita contra a tuberculose influíron na proliferación de balcóns, terrazas e galerías cubertas orientadas ao mar na arquitectura sanitaria da época. Debido á orografía houbo que deseñar un zócolo como base rodeando a edificación, con ramplas e escalinatas de acceso ao pavillón. Este, tanto no seu pequeno tamaño e disposición simétrica de salas para enfermos, como na súa tipoloxía de planta baixa e alargada, respondía aos parámetros dos pavillóns dos sanatorios antituberculosos europeos de finais do século XIX (esquema derivado dos *block hospitals* do século XVIII). Tiña capacidade para acoller unha vintena de nenas e nenos, contando con dormitorios con camas tanto gratuítas coma de pagamento (2 pesetas diarias), baños, enfermaría, cociña, comedor, terrazas e unha sala de operacións (a primeira unidade cirúrxica dun sanatorio marítimo español que aínda hoxe en día se conserva en perfecto estado, mobiliario e instrumental cirúrxico incluídos).

Entre 1921 e 1923 o Pavillón Cirúrxico foi drasticamente reorganizado segundo os deseños do arquitecto Pedro Mariño. A intención era ofrecer novos servizos médicos como radioterapia, raios X, roengterapia e electroterapia. Tamén a terraza posterior foi pechada incluíndose sendas galerías acristaladas coa finalidade de que os rapaces puidesen tomar o sol nela (isto quedou recollido no cadro *Baño de sol* do pintor Seijo Rubio e que na actualidade se conserva no Complexo Hospitalario Universitario). No exterior do pavillón encheuse a rampla da fachada principal creando unha plataforma de acceso a nivel. En 1923 o pavillón foi reinaugurado xa co nome de Fernández Latorre.

Pola súa banda, Juan Fernández Latorre, fundador de *La Voz de Galicia* e impulsor do propio Sanatorio Marítimo de Oza, foi peza clave na creación do Pavillón Cirúrxico, pois obtivo do Ministerio de Gobernación unha importante cantidade económica para a construción e dotación da “sala de operacións” do Sanatorio. Tamén xogaron un papel destacado no desenvolvemento do pavillón o director xeral de Sanidade Martín Salazar e o cirurxián madrileño Adolfo López Durán (firmes impulsores ambos os dous deste tipo de centros sanitarios). Este último foi nomeado xefe cirúrxico, sendo o encargado de organizar no sanatorio a terapia paliativa das incapacitantes lesións osteoarticulares derivadas da tuberculose ata o ano 1921 en que foi cesado.

O Pavillón “Fernández Latorre” continuou a plena actividade ata os anos sesenta en que a incidencia das enfermidades tuberculosas foi menor, e se incorporaron ao Sanatorio de Oza servizos de rehabilitación. En 1990, unha vez transferido este á Xunta de Galicia, planeouse situar no pavillón a dirección e administración do Instituto de Ciencias da Saúde, sendo finalmente situados no Pavillón do Fortín. Desde o ano 2000, o pavillón presta servizo como hospital de día de psiquiatría, conservándose as salas do quirófano como un pequeno museo pendente de “ser descuberto”.